

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **agricultura** é a actividade do sector primario que ocupa máis persoas, seguida da **gandería**.

1 Que é o sector primario? Que actividades inclúe?

2 Completa a seguinte táboa.

Cultivos de secano	Cultivos de regadío	
		froitas arroz cereais vide hortalizas oliveira

3 Observa as seguintes fotografías. Indica a que tipo de gando corresponde cada unha e en que zonas de España se cría.



Gando: _____

Críase en: _____



Gando: _____

Críase en: _____



Gando: _____

Críase en: _____

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O **sector secundario** engloba as actividades económicas que se dedican a **transformar** materias primas en produtos elaborados. A **industria** é a actividade máis destacada.

1 Indica a que actividade de sector secundario corresponde cada imaxe.



2 Escribe se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Despois, copia correctamente as oracións falsas.

- ☐ Nos últimos anos, aumentou o número de persoas que traballan no sector secundario.
- ☐ A industria é a actividade do sector secundario que emprega máis persoas.
- ☐ A maior parte das fábricas de España son grandes.

3 Completa este texto.

pezas – metalurxia – química – bens – persoas – consumo


As industrias de base fabrican materias primas para outras industrias. Destacan a siderurxia, a _____ e a industria _____. As industrias de _____ de equipo constrúen máquinas e _____ para outras industrias. As industrias de _____ fabrican produtos que consomen directamente as _____.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O **sector terciario** ocupa a maioría da poboación española e xera gran parte da nosa riqueza. As actividades máis importantes son o comercio, o transporte e o turismo.

1 Colorea e completa o seguinte gráfico da poboación ocupada en España.☐ Sector primario☐ Sector secundario☐ Sector terciario**2 Define os seguintes termos.**

- Importación: _____

- Exportación: _____

3 Completa a seguinte táboa.

Produtos que España importa	Produtos que España exporta

4 Indica que se traslada (persoas ou mercadorías) en cada medio de transporte.

- Terrestre: _____
- Marítimo: _____
- Aéreo: _____